



# ACTIVIDADES MUSICAIS

Eu quedo na casa!



# RECORDADE: SON ACTIVIDADES VOLUNTARIAS

Todas estas actividades podedes gravalas ou sacarles unha fotografía e envialas ao seguinte e-mail:


[bolboretafeiticeira@gmail.com](mailto:bolboretafeiticeira@gmail.com)

(e-mail da profe de música, Bea)

Agradecemos que indiquedes o voso nome e a clase a que pertencedes ou o nome da titora.



# 1. POEMA DA PRIMAVERA




Nesta ocasión propoñemos este poema da primavera por se vos apetece aprendelo para recitalo coa vosa familia.

A maiores podedes facer esta obra de arte dunha bolboreta con partes do voso corpo. Podedes facela dunha única cor ou mesturando cores.

Deixade voar a imaxinación!

Cando a teñades feita podedes escribir enriba ou debaixo do debuxo un anaco do poema.

(Recordade firmar a obra como un auténtico artista).



## 2. MANUALIDADE: MARACAS

MARACAS



Recordades a Lydia Botana?

Fomos vela en directo a un concerto en A Coruña.

Propoñémosvos que fagades unhas maracas con material de refugallo (por exemplo iogures, con algún material dentro que sone como: anaquiños de ceras vellas, tapas de rotus...) para tocar esta preciosa canción.

<https://www.youtube.com/watch?v=SGQ8sanzXk8>

Podedes tamén bailar a coreografía e ao tempo tocar as maracas


Animádevos!

A festa pode estar na casa! Viaxamos ata Cuba!





### 3. MARCANDO O RITMO



Demostrade que sodes capaces de seguir este ritmo.

Quizais o recordedes de anos anteriores pero un pouco de práctica nunca ven mal. ¡ADIANTE ARTISTAS!

<https://www.youtube.com/watch?v=KLSf36iPqu8&t=1s>

Se sodes moi atrevidos podedes probar a facer o voso propio ritmo con estas figuras, tan só tedes que cambiar a súa combinación. Iso si, mandade vídeo coa composición e marcando o ritmo.

Quedaremos abraiadas!

Compositores en acción: 1, 2, 3 RITMO!

# 4. 2 de ABRIL: DÍA MUNDIAL DE CONCIENCIACIÓN SOBRE EL AUTISMO


Con todo isto de quedar na casa, hai nenos e nenas que poden saír a rúa porque teñen algunha dificultade que lles dificulta comprender o motivo de non poder saír. Estes son, entre outros, os nenos e nenas con autismo.

Tamén cando hai algunha festa ou feira poñen unha hora sen música e sen sons para que eles poidan acudir e sentirse cómodos porque cando hai moito ruído póñense nerviosos.

O 2 de abril é o día da concienciación sobre este trastorno e vos animamos a que poñades nas vosas fiestras este corazón formado por 4 pezas de crebacabezas de cores ou o molinete que se explica enriba.

Para entender un pouquiño máis a estes cativos propoñemos este vídeo:

<https://www.youtube.com/watch?v=DhcYsJm-Dic>





## 5. CANCIÓN CON PICTOGRAMAS



Unha forma de comunicación para estes nenos e nenas é a través de pictogramas. Os pictos son unha imaxes que representan o que queremos dicir e serven para facilitar a comunicación. Por exemplo: se queremos dicir algo e non sabemos como podemos dicilo a través dunha imaxe así entenderán o que precisamos. Aquí tedes unha canción con pictogramas e xa veredes como tamén a vós vos axuda a entendela.

Aproveitade para repasar os nomes dos instrumentos que xa fai boa que non nos vemos e non tocamos xuntos.

<https://www.youtube.com/watch?v=xOoT64M77GY>

# 6. CANCIÓN EN LINGUA DE SIGNOS

Nesta ocasión propoñemos outra actividade de baile mesturada con lingua de signos.

<https://www.youtube.com/watch?v=Bq3--LzlcHc>

Recoñeces estes signos na canción? ¿Algún máis?



MUNDO



AMOR



SOL



QUERER



## 7. ADIVIÑA SONS



Esta actividade xa sabedes que require moita concentración. Nesta ocasión tedes que adiviñar o son dos instrumentos musicais. Intentade só escoitar, sen mirar o vídeo, aínda que vos dan pistas mostrando a sombra.

<https://www.youtube.com/watch?v=cN44YHKIZZA>

